

As mulleres da fin do mundo, de Daniel Asorey. Editorial Galaxia, 2019.



Esta nova e trepidante novela de Asorey sitúanos nunha realidade distópica na que as mulleres han loitar por construíren o futuro, sobrevivindo nun mundo que agoniza, aparentemente dirixido polo Supremo Líder, Albert Sabaf. Entre elas, Faheema que ve como un helicóptero imperial cae abatido na base do lexionario Tichborne durante unha guerra sen cuartel; Rebeca, que observa dende a xanela do seu cuarto a destrución da Capital do Mundo e decide marchar para sobrevivir; ou Blau, muller por decisión propia, que lidera o seu pobo nunha revolta contra a inxustiza e a desigualdade, fóra de Muros.

Libro informativo

Dúbidas reais de adolescentes sobre o sexo, de Sabela Iglesias Faustino. Catro Ventos Editora, 2018.

Hai algún problema por ter relacións sexuais con 14-16 anos? Os homes mastúrbanse máis cás mulleres? Por que os rapaces teñen mamilas? Este libro nace das charlas formativas realizadas pola xinecóloga Sabela Iglesias en diferentes centros de ensino secundario da comarca de Vigo, e da necesidade de dar resposta a moitas cuestións que lles xorden aos adolescentes. Unha escolma das preguntas máis relevantes e frecuentes acompañada de explicacións claras e ilustradas por Iago Araujo, debuxante e xestor da súa propia academia de banda deseñada.



Un libro que fala e trata aspectos que importan e que importa que coñezan os adolescentes.

NOTA: podedes atopar todo este material nas nosas bibliotecas: a

A.L.M Carnota e a BIBLIOLAMAS

Boletín especial *Día do Libro*



[Sen título]

Foto orixinal de Anastasia Zhenina. (Unsplash.com)
Dominio público. [Creative Commons CC0 1.0](https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/)
<https://unsplash.com/photos/DzqkDffa00c>

23 de abril



Colaboración de:

Biblioteca Escolar IES Lamas de Castelo e A.L.M. Carnota

Recomendacións da A.L.M Carnota, a nosa biblioteca municipal



Pioneiras: galegas que abriron camiño, de Anaí Rodríguez, ilustrado por Nuria Díaz. Xerais, 2018.

Álbum de carácter divulgativo e xénero biográfico, destinado especialmente a público infantil e xuvenil. É un conxunto de doce biografías breves de mulleres galegas destacadas en diversos ámbitos, que racharon cos canons establecidos pola sociedade do seu tempo e abriron camiño cara á igualdade: a primeira científica nun buque de investigación internacional, a primeira almiranta, a primeira futbolista nun equipo masculino, a primeira condutora de camións, o primeiro matrimonio entre mulleres...

A obra nótrenos de modelos femininos de referencia, caracterizados pola loita, o esforzo, o sacrificio o talento e a valentía.

Un libro imprescindible e necesario, para nenos e maiores

Pelea de gallos, de María Fernanda Ampuero. Páginas de Espuma, 2018.

Pelea de gallos é o primeiro libro de contos da escritora ecuatoriana María Fernanda Ampuero. Contén un total de trece historias protagonizadas por mulleres e cun denominador común: a violencia, desde diferentes ángulos.

O secuestro e venda de mulleres, a explotación sexual no seo da propia familia, o maltrato físico e psicolóxico, o racismo, a hipocrisía e o clasismo son algúns dos temas que, con grande riqueza narrativa, a autora aborda nesta obra dura e desacougante, mais absolutamente recomendable.



Teatro

Eroski Paraíso, de Chévere. Kalandraka, 2018.

Comedia documental baseada en historias reais acontecidas na sala de festas O Paraíso, epicentro da movida nocturna de Muros entre 1972 e 1990, que posteriormente se converteu nun supermercado Eroski.

Esta peza teatral, dirixida por Xesús Ron, está protagonizada por unha parella, que se coñeceu na mítica sala de festas, e mais pola súa filla, nacida ao ano seguinte do peche d'O Paraíso. Vinte e cinco anos despois, a moza estuda cine en Barcelona e regresa á vila para facer unha película sobre os seus pais.



A obra acadou o *Premio María Casares 2017* á mellor dirección, mellor espectáculo, mellor actriz protagonista e mellor canción orixinal. Estreouse no Teatro Principal de Donostia e na antiga fábrica de conservas Sel de Muros en marzo de 2016. Durante dous anos representouse por toda Galicia, en Matadero-Madrid e en máis de vinte cidades, superando o centenar de funcións.

Recomendacións da Biblioteca Escolar do Lamas de Castelo

O último barco, de Domingo Villar. Editorial Galaxia, 2019.

Este é o novo caso do inspector Leo Caldas. A filla do doutor Andrade vive nunha casa á beira do mar, tendo como vistas a labor cotiá de mariñeiros, mariscadoras, e o ir e vir dos barcos pola ría de Vigo. Pero un día, tras un forte temporal, o seu pai chega en busca do inspector para denunciar a desaparición da súa filla... Leo Caldas comenza a súa investigación, e descubrirá que no que nun principio aparenta ser unha vida apacible e sinxela, pode agochar un fondo revoltado, como cando hai mar de fondo cunha aparente calma na superficie.

